



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE CATORCE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS
(ACTA NÚMERO 01)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **catorce de xaneiro de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten a Sra. Deputada D^a. Mónica Freire Rancaño e o Sr. Deputado D. José Luis Raposo Magdalena.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRINTA DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta de decembro de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- RECTIFICACIÓN DE ERROS NA PROPOSTA DE XUNTA DE GOBERNO DO DÍA 23 DE DECEMBRO DE 2021, RELATIVA Á PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE VILALBA, PARA A ACHEGA DO MEDIO PROPIO “EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA S.A., SME, MP (TRAGSA)”, PARA A REALIZACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA E CONTROL DE ACCESOS DOS DISTINTOS EDIFICIOS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VILALBA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Por Acordo da Xunta de Goberno do día 23 de decembro de 2021, aprobouse a prórroga do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para a achega do medio propio Empresa de Transformación Agraria S.A. S.M.E. M.P. (TRAGSA), para a realización da prestación do servizo de limpeza e control de accesos dos distintos edificios e dependencias do Concello de Vilalba.



Na proposta remitida detéctase un erro nas denominación da empresa destinataria da encomenda, posto que en diversos puntos do corpo da proposta e na parte dispositiva figura a empresa Tecnologías y Servicios Agrarios S.A. S.M.E. M.P. (TRAGSATEC), cando se propuxo a prórroga da encomenda realizada á Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P. (TRAGSA), tal e como consta no convenio obxecto de prórroga e no encabezado da proposta. Do mesmo xeito na proposta remitida non figura o orzamento (que se mantén igual que o orixinal que figura no convenio).

No que respecta á rectificación de erros, o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

É polo que se propón que pola Xunta de Goberno se rectifique o erro detectado, de tal forma que:

1º.- No corpo da proposta que se aproba, no tocante á encomenda dos traballos a realizar, onde di: Tecnologías y Servicios Agrarios S.A., S.M.E., M.P. ou o seu acrónimo TRAGSATEC, diga Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P. ou o seu acrónimo TRAGSA.

2º.- Na parte dispositiva da proposta que se aproba, onde di:

1º.- Prorrogar o convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vilalba para a achega do medio propio Empresa Tecnologías y Servicios Agrarios S.A. S. M. E. (TRAGSA) para a prestación do servizo de limpeza e control de accesos dos distintos edificios e dependencias do Concello de Vilalba, por un período de 6 meses.

Diga:

1º.-Prorrogar o convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vilalba para a achega do medio propio Empresa de Transformación Agraria S.A. S. M. E. M.P. (TRAGSA) para a prestación do servizo de limpeza e control de accesos dos distintos

edificios e dependencias do Concello de Vilalba, por un período de 6 meses e un importe de 227.305,13 euros (IVE incluído), tal e como figura no convenio obxecto de prórroga.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE GASÓLEO B NA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 30 de decembro de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7FSQA72BVILSG32J6RMQRFAM.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7FSDKOCEMS7KHMBUPH6FSOCQ.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7FS7D4ZR7KUTE3ZVNAO7QDCA.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7FSDSNZUBM6VNJYQNU4ERSII.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7FSGBTPQ54J2JKVQVUPZREKA.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7FSKH2JU4MZJJYRQGWEAJE4I.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7FSL7MDBJMT774WMFGGIYUCA.

Acordo da Xunta de Goberno de data 08 de outubro de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7FSIAIZNW5ISM52IABGT3PIU.



Acta da Mesa de Contratación do día 2 de decembro de 2021, con CSV: IV7FEDLOJJ5PYTV4QMEW4RTEEE que recolle as seguintes consideracións:

“Pola Presidencia da Mesa, procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Contratación da subministración de gasoleo B na Granxa Provincial Gayoso Castro.

Primeiro.- Xustificación de oferta anormalmente baixa.

Segundo.- Outros. Requirimento de documentación.

A Mesa de Contratación, reunida o 16 de novembro de 2021, acordou:

(...) “conceder o trámite de audiencia á empresa Luguesa Distribuidora de Gasóleos, S.L. para que no prazo de 5 días hábiles, xustifique e desglose razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, custes ou calquera outro, para valoración da súa oferta e precise as súas condicións, nos aspectos particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP” (...).

O 23 de novembro de 2021 deuse traslado á empresa Luguesa Distribuidora de Gasóleos, S.L. do trámite de xustificación de oferta anormalmente baixa, procedendo a presentar dita xustificación en prazo, en concreto o 28 de novembro de 2021.

Dña. Sonia Verdes Gil, directora da Granxa Gayoso Castro dependente da Deputación de Lugo, emitiu informe, con CSV IV7FEUDS3JPSZRFC2I5WIBHAGE, no que conclúe: “... que considérase suficientemente xustificado o baixo nivel de prezos presentado pola licitadora Luguesa Distribuidora de Gasóleos, S.L. na súa oferta correspondente á Contratación da subministración de Gasóleo B na Granxa Provincial Gayoso Castro...”.

A Mesa acorda facer seu o informe da Granxa Gayoso Castro e aceptar a xustificación da oferta por unanimidade dos presentes.

Visto canto antecede, a Mesa acorda, por unanimidade, publicar na Plataforma de Contratación do sector público as puntuacións totais recollidas na Acta da Mesa do 16 de novembro e adoptar os seguintes acordos:

Clasificar as ofertas admitidas atendendo a orde de prelación segundo a oferta máis baixa:

Nº DE ORDE	LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA – cént./L (IVE INCLUÍDO)
1	Luguesa Distribuidora de Gasóleos, S.L.	0,12
2	Gasóleos Fortaleza, S.L.	0,033

Requirir á empresa Luguesa Distribuidora de Gasóleos, S.L., no caso de que sexa precisa, a documentación adicional que complementa a información extraída da consulta do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) ou do Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (RXC) ou no seu caso que presente a documentación acreditativa segundo o establecido na clausula 17 do PCAP, que deberá aportarse no prazo de sete días hábiles, pola empresa Luguesa Distribuidora de Gasóleos, S.L. de conformidade co artigo 159.4 da LCSP.”

Reunida a Mesa de contratación a día de hoxe, aos efectos de examinar a documentación requirida, infórmase que o licitador Luguesa Distribuidora de Gasóleos, S.L. presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión do 2 de decembro de 2021. Visto que a empresa aporta en prazo a documentación requirida, a mesa de contratación acorda dar por atendido o requirimento, admitindo a proposta.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A mesa de contratación á vista da documentación que consta no expediente, acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:



Aceptar a documentación aportada por Luguesa Distribuidora de Gasóleos, S.L e considerala completa.

Adxudicar á empresa Luguesa Distribuidora de Gasóleos, S.L a contratación da subministración de gasóleo B na Granxa Gayoso Castro, comprometéndose a aplicar un desconto de 0,12 céntimos por litro que deberá aplicar sobre os prezos máximos indicativos do combustible para España, IVE e demais impostos incluídos, publicados no “Boletín Petrolero” da Dirección Xeral de Enerxía e Transportes da Comisión da Unión Europea, de data coincidente coa da subministración, tal e como especifica o PCAP. O orzamento máximo deste contrato é polo importe de 14.996,37 euros, aos que se engadirán 3.149,23 euros en concepto de IVE, ascendendo a un importe total de 18.145,60 euros.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Luguesa Distribuidora de Gasóleos, S.L., con CIF: B27260108, a contratación da subministración de Gasóleo B na Granxa Provincial Gayoso Castro por importe máximo de 18.145,60 euros (IVE engadido correspondendo a partida do IVE a 3.149,23 €) comprometéndose a executar nos prazos e condicións previstos nos pregos o obxecto do contrato, ofertando un desconto de 0,12 céntimos/litro que deberá aplicar sobre os prezos máximos indicativos do combustible para España, IVE e demais impostos incluídos, publicados no “Boletín Petrolero” da Dirección Xeral de Enerxía e Transportes da Comisión da Unión Europea, de data coincidente coa da subministración, tal e como especifica o PCAP, financiándose de acordo o seguinte detalle:

Aplicación Orzamentaria: 4120.22103.

ANUALIDADE	DOC. CONTABLE	IMPORTE (S/IVE)	IVE 21%	TOTAL (IVE ENGADIDO)
2022	A: 22022/39	14.996,37€	3.149,23	18.145,60 €

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2022, pola cantidade de 14.996,37 € (mais IVE deducible), para a anualidade 2022.

2º.-Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA RELATIVA Á TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO PARA O ALLEAMENTO DE PARCELAS DE SOLO INDUSTRIAL, PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, MEDIANTE POXA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“O Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo , en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de novembro de dous mil vinte adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

“...a extinción da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A (SUPLUSA) con efectos desde o día 30 de novembro de 2020.

A aceptación da cesión do activo e pasivo consonte o artigo 83 da Lei 3/2009, do 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís nas condicións establecidas no informe de intervención provincial de data de 20 de novembro de 2020.

A incorporación ao inventario provincial dos bens e dereitos nos que se subroga, de acordo con informe emitido pola Sección de Inventario, en data de 19 de novembro de 2020.”



A extinción da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A, acordada polo Pleno da Deputación Provincial, en Sesión Extraordinaria, celebrada en data de 30 de novembro de 2020, mediante a cesión de activo e pasivo, consonte o artigo 83 da Lei 3/20019, de 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís implica a subrogación da Deputación Provincial de Lugo na posición xurídica de SUPLUSA respecto dos dereitos e obrigas das que esta era titular.

De acordo, co exposto, a Deputación Provincial realiza este procedemento de alleamento de parcelas no Polígono Industrial situado no Concello de Paradela e no Polígono Industrial “O Pousadoiro” do Concello de Ourel, dando cumprimento ao acordo adoptado polo Pleno desta corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de novembro de dous mil vinte, e promovendo, así, o desenvolvemento económico da provincia a través dun concepto vertebrador de estruturas produtivas e ,deste modo, potenciando a implantación de novas actividades económicas nestes termos municipais.

Con dita finalidade o procedemento será de concorrência pública mediante a celebración de poxa publica e se levará a cabo por esta Deputación Provincial, para o que se redacta o prego reitor coas condicións xerais que servirán para a adxudicación das parcelas.

Tendo en conta o informe emitido ao efecto pola Secretaría Xeral Adxunta con CSV IV7CVTKYKAMTYTOL4U6U4VYDAQ.

Visto o informe emitido pola Intervención Provincial con CSV IV7CXSLC2B74SW644P5HD3YEOI.

Tendo en conta todo o anterior, proponse á Xunta de Goberno:

1º.- Iniciar a tramitación do procedemento para o alleamento de diversas parcelas de solo urbano de uso industrial ,no Polígono Industrial situado no Concello de Paradela e no Polígono Industrial “O Pousadoiro” do Concello de Ourel mediante a celebración de poxa pública.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento de concorrência pública de alleamento mediante a celebración dunha poxa e a súa adxudicación.

3º.- Proceder á publicación das bases que regularán o presente procedemento de alleamento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- RECTIFICACIÓN DE ERRO NA ACTA DE 23 DE DECEMBRO DE 2021, EN RELACIÓN CO ACORDO DE VALIDACIÓN DE FACTURA DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS.

Logo de ver a proposta do Interventor Adxunto, do seguinte teor:

“Habéndose detectado erro material no informe de Intervención de 25/03/21e na proposta do Servizo de Vías Obras de 15/12/21, aprobada por acordo da Xunta de Goberno de 23 de decembro de 2021 referente a factura nº 2018-230 de 28/03/18 por importe de 677,78 € da empresa Investigacion y Control Lugo, S.L., GTM: 2020/FAC_01/000742, en virtude do artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, proponse a seguinte modificación da mencionada certificación:

Onde di:

Informe- proposta de validación do gasto, do Servizo de Vías e Obras en relación ca omisión defiscalización de obrigas do vixente exercicio sen contrato polo importe de 677,78 euros.

Investigacion y Control Lugo, S.A.

Debe dicir:

Informe- proposta de validación do gasto, do Servizo de Vías e Obras en relación ca omisión defiscalización de obrigas con contrato vencido polo importe de 677,78 euros.

Investigacion y Control Lugo, S.L.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA SOBRE RENUNCIAS DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBES DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2021.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 22 de outubro de 2021, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 138, do sábado 19 de xuño de 2021, para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2021.

Propoño,

Que os beneficiarios relacionados a continuación, presentaron na Excma. Deputación Provincial de Lugo, a renuncia á respectiva subvención concedida no referido concurso de concorrencia competitiva.

Que consta no respectivo expediente solicitude de renuncia.

Nome entidade	Nome actividade	Subvención
Padel Club Ribadeo	Torneo de pádel Kia Breogán Car	428,00 euros

Que de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións publicas, procede aceptar de plano as mencionadas renuncias polos importes indicados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO 335/2021-J.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo do recurso nº335/2021-J interposto por Reale Seguros Generales, S.A. fronte á desestimación por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada polos danos sufridos no vehículo matrícula 0197*** a consecuencia, segundo indica no seu escrito de demanda, dun accidente de circulación na estrada LU-P-1611, P.K. 126.3 pola irrupción dun corzo, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dación de conta da resolución con CSV: NIV7CWYK7ABNC4WWZAQN46ZZSMY do expediente 2021/CON_02/000016 (lotes 2 e 4) “Contrato de equipamento do Centro de Atención



a Persoas Maiores e navia de Suarna". Renuncia do contrato polo adxudicatario SUTEGA (lotes 2 e 4).

Dase conta de que o día 4 de xaneiro de 2022 asinouse Decreto que resolve:

1º.- A imposición de penalidades a Suministros Técnicos de Galicia, S.L. por importe de 963,21 euros no lote 2 e de 426,54 euros no lote 4. As penalidades faranse efectivas contra as garantías depositadas por importe de 1.271,41 euros no lote 2 (número de expediente 121/PES/16679 e no lote 4 542,87 euros (número de expediente 121/PES/16670) respectivamente e as garantías restantes en cada lote serán canceladas.

2º.- Incoar asimismo expediente para declaración dunha prohibición para contratar con esta Deputación pola causa establecida no artigo 71.2 b) da LCSP.

3º.- Declarar deserto o procedemento de contratación do lote 2 Equipos médicos, xogos e material pedagóxico e axudas técnicas e lote 4 pequenos electrodomésticos e material de limpeza da subministración de equipamentos do CAM de Navia de Suarna 2021/CON_02/000016, por ser Suministros Técnicos de Galicia, S.L. o único licitados que se presentou.

4º.- Dar traslado a Intervención e Tesourería desta Resolución.

5º.- Dar conta á Xunta de Goberno.”

A Xunta de Goberno queda enterada.

16.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e dez minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.